



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/12007.

Feitos

Primeiro. As persoas nomeadas secretaria titular e secretaria suplente da comisión de selección da praza 25/12007, profesor/a axudante doutor/a da área de coñecemento de Expresión Gráfica Arquitectónica do departamento de Expresión Gráfica Arquitectónica, atópanse en situación de incapacidade laboral temporal e, en consecuencia, non poden actuar como membros da devandita comisión.

Segundo. Con data do 26.09.2025, o Consello do Departamento de Expresión Gráfica Arquitectónica aprobou unha nova proposta de secretarías.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 6.10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impidise a súa actuación, como é este caso.

O artigo 6.3 da citada normativa establece que o Consello de Departamento propondrá a secretaría, titular e suplente, que serán preferentemente da UDC.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Secretaría titular: substitúese a Vicente Adrián López Chao por Fernando Fraga López

Secretaría suplente: substitúese a Margarita Lorenzo Durán por Antonia María Pérez Naya

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández